



ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DO PREMIO Á INNOVACIÓN BIBLIOTECARIA DE GALICIA 2020

Lugar: A reunión desenvolveuse por medio de videochamada a través da aplicación Falemos.

Data: 25/09/2020

Hora de comezo: 10.52 h.

Hora de remate: 13.12 h.

ASISTENTES

María Cristina Rubal González, subdirectora xeral de Bibliotecas e do Libro, presidenta.

Consuelo Meiriño Sánchez, xefa do Servizo do Sistema de Bibliotecas, vogal.

Concepción Serrano Plaza, directora da Biblioteca Pública de Vigo “Juan Compañel” vogal.

Jesús Torres Junquera, director da Biblioteca Pública de Santiago “Ánxel Casal” vogal.

Anxo Alberte Gil, coordinador técnico da Biblioteca Pública Municipal de Vigo “Neira Vilas”, vogal.

Albino Alonso Rodríguez, coordinador técnico da Biblioteca Pública Municipal do Porriño, vogal.

Eugenio Gómez Barreiro, vogal de Bamad (en representación de Xoan Manuel Pérez Lijó, secretario de Bamad), vogal.

Elena Sánchez Muñoz, técnico superior de bibliotecas da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, secretaria.





ORDE DO DÍA

Lectura e valoración das memorias dos proxectos presentados ao Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia 2020.

DELIBERACIÓNS

1. Lectura e valoración das memorias dos proxectos presentados.

Presentáronse 9 proxectos candidatos ao Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia 2020:

- *Animando e dinamizando a lectura dende Xermade*, Biblioteca Pública Municipal de Xermade.
- *Biblioteca accesible. Un proxecto de integración social da axencia de lectura do Concello de Bóveda*, Axencia de Lectura Municipal de Bóveda.
- *Biblioteca en streaming*, Biblioteca Pública Municipal do Grove.
- *Destronavirus*, Biblioteca Pública Municipal de Camariñas.
- *...E a biblioteca estaba alí*, Biblioteca Pública Municipal “Valle-Inclán” de Redondela.
- *Ler ábre nos as portas do mundo*, Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros.
- *Ler nos tempos do COVID*, Biblioteca Pública Municipal de Beariz.
- *O Bibliobebé*, Biblioteca Pública Municipal de Camariñas.
- *Relendo a vida*, Biblioteca Pública Municipal Enrique Riveira Rouco do Concello das Pontes de García Rodríguez.

Antes de proceder á valoración individual de cada un dos proxectos, acórdase excluír aqueles que recollen unha memoria de actividades ou a suma de accións individuais sen interrelación levadas a cabo polas bibliotecas, segundo se establece no artigo 2 da *Orde do 29 de xullo de 2020 pola que se establecen as bases do Premio á innovación bibliotecaria de Galicia e se convoca para o ano 2020 (código de procedemento CT237A)*.





2. Fallo

A comisión de avaliación, logo da valoración individual de cada unha das memorias presentadas, e tras obter a maior puntuación de entre todos os proxectos avaliados, acorda propoñer a concesión do Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia 2020 ao proxecto:

Biblioteca accesible. Un proxecto de integración social da axencia de lectura do Concello de Bóveda, Axencia de Lectura Municipal de Bóveda

A comisión destaca o valor deste proxecto no que a biblioteca pública se constitúe como unha institución integradora, a través da lectura, de toda cidadanía e, moi especialmente, daqueles usuarios e usuarias con diversidade funcional. Así mesmo, salienta o seu papel catalizador e de cohesión social mediante a colaboración con outras institucións e axentes da contorna e co resto da comunidade á que atende a biblioteca.

Esta capacidade para garantir a igualdade de acceso, a integración e a visibilización das persoas con diversidade funcional, materialízase na Axencia de Lectura Municipal de Bóveda a través das actividades que leva a cabo con este colectivo e con outras institución locais, así como a adaptación da colección e a accesibilidade dos espazos e do mobiliario. Todos estes elementos conflúen nunha experiencia de éxito para todos os participantes e colaboradores, así como para o conxunto da comunidade.

Para finalizar, a comisión de valoración do Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia 2020 quere facer unha mención especial ás iniciativas presentadas nesta edición nas que queda patente a capacidade de resposta da biblioteca pública ante unha situación sobrevida como é a da pandemia por COVID-19. A variedade e amplitude das actividades que se desenvolveron son unha mostra indiscutible do papel destas institucións como ferramentas de apoio social á comunidade.





Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
A presidenta

Elena Sánchez Muñoz

María Cristina Rubal González

